



EXCURSIÓN A IBIZA



Este ano a excursión de fin de curso foi a Ibiza. Participaron os nenos e nenas de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria. A excursión foi do 19 ao 23 de abril e aproveitaron a mesma para coñecer aos compañeiros/as do CEIP Can Cantó, centro asociado con nós no proxecto de Agrupacións Escolares.

PLANS DE AUTOAVALIACIÓN E MELLORA

Este curso rematamos o segundo ano do plan de autoavaliación e mellora do sistema educativo . O tema que traballamos foi " Desenvolvemento de competencias usando as TIC". Entre as actividades que fixemos destacamos: crear a traballar con blogs, o programa jclíc, afondar no manexo do encerado interactivo,...

**Plans de autoavaliación
e mellora**



EXPOSICIÓN ETNOGRÁFICA

Canto cambiaron as cousas! Queriamos que os nosos alumnos/as ponderan comprobar e vivir como foi evolucionando todo. Recordamos aos nosos avos e avoas, os seus oficios, as ferramentas e aparellos que empregaban, os seus días na escola,... Destacar a extraordinaria colaboración dos pais/nais para poder

levar a cabo esta actividade

LETRAS GALEGAS _ MAIOS

O 14 de maio celebramos o Día das Letras Galegas, este ano dedicado a Uxío Novoneyra. Aproveitamos este día para coñecer a vida e obra deste escritor homenaxeado.

Tamén celebramos a festa dos Maios. Fixemos bailes, desfile, eliximos ao rei e a raíña dos Maios antes os cales todos os nenos e nenas do colexio renderon reverencia.





ANTONIO REIGOSA

O 21 de maio visitounos Antonio Reigosa, colaborador na páxina web de Galicia Encantada: www.galiciaencantada.com Falounos de lendas e contos da nosa comarca. Introduciunos no tempo dos mouros, dos castros, do home do saco,... Queremos agradecerlle este detalle co noso centro e esperamos poder contar coa súa presenza en próximos cursos

VERMES DE SEDA

Desde hai xa moitos cursos vímoslles ofrecendo aos nosos alumnos a posibilidade de poder observar, de forma moi directa, todo o ciclo de vida do verme de seda: o seu comezo como oviños diminutos, o seu crecemento alimentándose a base de follas de moreira ata ser vermes grandes e grosos que se acaban convertendo en novelos de longos fíos de fina seda



LECTURAS REPRESENTADAS



Durante este 3º trimestre, os nenos e nenas de todos os cursos/ciclos levaron a cabo a representación dunha lectura. Foron verdadeiros artistas:

Infantil: O piollo e a pulga

1º: El sastrecillo valiente

2º: El león y la zorra

2º ciclo: A tea de araña que todo o apaña

5º: O abrigo misterioso

6º El aula de tócame-Roque

OBRADOIRO SOBRE CREACIÓN DE MONICREQUES

Os días 31 de maio e 1 e 2 de xuño de 2010, celebramos no colexio un curso de elaboración de monicreque para os nenos e nenas do 2º e 3º ciclo de Primaria. Este curso foi subvencionado polo INLUDES (Instituto Lucense de Desenvolvemento Económico e Social). Os nenos/as gozaron, pódese apreciar na foto, con esta actividade.





CELEBRACIÓN DO DÍA DA FAMILIA

O próximo 22 de xuño imos celebrar un día de convivencia coas familias dos nosos alumnos/as. Será unha xornada na que practicaremos distintos xogos populares: brilé, tirar da corda, carreira de sacos,... Despois teremos uns pinchos para todos.

CHAINSTORIES

Estamos participando no proxecto Chainstories. É un proxecto de contos en cadea para favorecer a aprendizaxe de idiomas. O proxecto consiste no seguinte: centros de distintos países acordan facer un libro en común. O libro ten tantos capítulos como centros participantes. Cada centro fai un capítulo. Os nosos alumnos/as crearán parte da historia, descodificarán e comprenderán as ideas principais das partes anteriores que se recibiron da cadea. A continuación, pasan a súa historia ao seguinte centro ata completarse o libro. Xunto con nós participan nesta historia centros de Italia, Portugal e Lleida. Nós elaboramos o primeiro capítulo e titulamos a historia como "O tesouro da avoa" Moi pronto o poderás ver na nosa páxina web no enlace de revista escolar.



E se facemos un libro entre centros da nosa comunidade autónoma?. Se queres participar, mándanos un correo a: ceip.monseivane@edu.xunta.es
Seguro que faremos un bo libro

Podes atopar máis información na nosa páxina web:
<http://centros.edu.xunta.es/ceipmonseivane>

Enderezo electrónico:
ceip.monseivane@edu.xunta.es

Teléfono / Fax
982 511 404